

DE LEMBRANZAS
GALEGAS Á
INDEPENDENCIA

Dende o primeiro momento o traballo de ensaio do grupo instrumental transcende máis aló do de simples acompañantes do grupo de baile, polo que se decide simultanear o traballo en Lembranzas Galegas con alboradas, concertos e festas unicamente do grupo instrumental, contratadas fundamentalmente por Emilio Sotelino. É importante salientar que dende o primeiro momento o xeito de tocar a gaita en Muxicas foi o único que, mal que ben, sabíamos os seus gaiteiros: en aberto. Ningún gaiteiro de Muxicas tocou nunca en pechado. Aberto con gaitas xemelgas. Que non conten outros contos.

Tiñámoslle que dar nome a este grupo, así que nunha reunión expóñense diversas opcións, sendo o escollido un dos nomes aportado por Xosé Manuel Fernández. Un sinónimo do alcume do membro de máis idade do grupo. Unicamente por unha cuestión de idade. Acéptase “Muxicas” coma nome na votación correspondente, mesmo augurándolle fraco futuro, por feo, por parte dalgúns membros. O certo é que o primeiro nome oficial, o que aparece nas primeiras tarxetas impresas, é o de “Muxicas Galegas”, en clara referencia á orixe do grupo e a súa integración nunha agrupación maior.



Emilio Sotelino ó pandeiro, Xoán Somoza, Manolo RIN-RIN, Moxenas e Xosé Manuel

Daquela os grupos de gaitas tiñan cadanseu debuxo/anagrama que figuraba xunto co nome no pelexo non percutido do bombo. Solicitáronse desenrols de ideas a debuxantes e artistas amigos e nos decantamos por un deseño de Xoán Somoza, o bombeiro do grupo, que incluía unha cacharela con cinco achas acesas, símbolo do grupo, baixo un castelo cunha oliveira, símbolo da cidade onde naceu o grupo: Vigo.



Tarxeta que se lixo para asistir ó concurso de gaitas en Barcelona, convocado por Toxos e Xestas. Un traballo en offSet do que aínda conservamos as pranchas.

O seguinte foi a indumentaria. Por situar no contexto histórico ós feitos, en 1977 aínda recente o pasamento do ditador, tódalas estruturas folclórico/musicais en Vigo xiran ó redor dos caciques da Sección Feminina. Os traxes utilizados polos grupos folclóricos están estandarizados en canto ás formas e cores: negro e vermello. De feito case todos nós, por solto, temos varios traxes desas cores, utilizados tanto con Lembranzas Galegas como cando tocabamos para outras agrupacións. Pero o feito de incorporar membros que nunca tocaran, obrigaba a facer nova roupa. Sería máis doado que Xoán Somoza se fixera roupa e a axustara a nós, pero en Muxicas sempre optamos polo camiño menos lóxico, así que decidimos facérmonos todos roupa nova, que nos identificara de xeito inequívoco coma grupo.

Daquela, e non sei se na actualidade tamén, no Museo do Pobo Galego, en Santiago, había unha exposición de traxes tradicionais galegos, auténticos uns e réplicas fidedignas outros (iso puñan). Un dos modelos presentados era unha parella de maniquies, home e muller, con traxes rescatados en Tui. De cor marrón e negro, coa a faixa crema. Fantástico, elegante e moi próximo a Vigo. Perfecto.

Presentada a idea ó grupo, por Xosé Manuel, acompañada das conseguíntes fotos para que todos puidesen ver o modelo, aceptouse, asumindo o risco de rachar coa uniformidade abraiante nos derradeiros corenta anos. Foron non poucas as críticas que tivemos que escoitar por parte do colectivo gaiteril. Dito coloquialmente, chamáronnos de todo. ¿Onde se viu un gaiteiro vestido desa guisa?, ¿De onde saíron esas cores?, ¿A chaqueta chea de botóns prateados? O máis delicado que nos dicían é que parecíamos da banda de Curro Ximénez. Pero fixémonos o traxe e non de calquera xeito. Encargámosllos a un alfaiate de prestixio no casco vello de Vigo: Suárez. E xa por coidar o detalle fixémoslle fundas e farrapos ás gaitas coas mesmas cores e deseños, e o bombo e o tamboril tamén pintámoslos de marrón.

Estabamos dispostos a rachar coa pana e dar un pincho cara adiante no mundo da música de gaita en Galicia.

1978 é o ano que sinalamos como da fundación do grupo.

Xa dende un principio o ritmo de traballo e o nivel rapidamente acadado pola dinámica do grupo, vai deixando ver que a non tardar os membros con menos disposicións artísticas vanse ver obrigados a deixar paso a novos integrantes, máis capacitados.

En 1981, o día 10 de xaneiro, ofrecemos un recital en Valadares. O programa confeccionouse manualmente por Xosé Manuel e logo se fotocopiou para os asistentes. Conservamos varias copias, unha delas asinada na contraportada por todos os compoñentes do grupo.





Actuación no teatro García Barbón o día 11 de xaneiro de 1981

Nunha primeira etapa tírase co que hai, facendo oficialmente a nosa primeira actuación en Muros, nas Festas Patronais do ano 1979. Pero é difícil manter o equilibrio nun grupo tecnicamente moi desequilibrado. Así que, aínda seguindo a tocar para Lembranzas Galegas, pasa a tocar a pandeireta Xosé A. Rey, estupendo instrumentista que ven fuxindo da escola de Polo. E por fin conseguimos un bo equilibrio instrumental. Sólido, rítmico, con enerxía positiva.

Esta situación, cun novo pandereiteiro, non axuda ó desenvolvemento fluído do devir do grupo de gaitas e baile (lembramos que Emilio Sotelino segue a ser o director de baile de Lembranzas), e prodúcese cada vez máis discrepancias entre as direccións respectivas. Por exemplo é motivo de fricción determinar quen debe adecuarse a quen: os bailes que se montan ás músicas existentes ou as músicas existentes á coreografía deseñada. Esas cousas que tan ben coñecen aqueles que nalgún momento tocaron para grupos de baile: esta muiñeira (ou este fandango, ribeirana, pandeirada ou calquera outra) con catro de entrada, tres puntos e estribillos repetidos até que o último bailarín saia de escena. E coma este exemplo cen. En fin, esas cousas.

Ante tales circunstancias comunícaselle a Lembranzas Galegas que, no prazo dun ano, procederemos a abandonar a formación para seguir o noso propio camiño. E damos un prazo tan amplo coa intención de que tivesen tempo abondo para prever o seu propio futuro. Chega o día, despedímonos, entregámoslles unha placa conmemorativa (si seremos pardillos), tildáenos de traidores, apercíbesenos de que non imos durar máis de dous meses e, ó cabo, queda demostrado que a súa capacidade de adiviñación e a súa capacidade artística non tiñan que ir, necesariamente, da man.